

ANEXO V

PROXECTO TIC

PROXECTO TIC

Segundo as disposicións da Lei orgánica de educación e os Decretos de Currículo de Primaria e Secundaria, e coa finalidade de que as tecnoloxías da información e a comunicación se incorporen como un recurso máis aos procesos de ensino aprendizaxe no noso centro, elaboramos e incluímos no noso proxecto educativo decentro, este plan de introdución das tecnoloxías da información e da comunicación, coa intención de que supoña un cambio metodolóxico e unha adaptación á realidade para o mellor aproveitamento das posibilidades que as TIC ofertan.

A aplicación das TIC ao traballo da aula convértese nunha peza clave na educación e formación das novas xeracións. A súa importancia social e o lugar preferente que ocupan xa na vida dos nenos e das nenas, fai que deban estar presentes nos centros educativos, de modo que aqueles adquiran os coñecementos e habilidades necesarias para abordar con garantía de éxito a súa utilización nos contornos de aprendizaxe, familiares e de lecer.

Trátase de que o alumnado, ao rematar a escolarización obrigatoria, acade unha competencia dixital.

Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van desde o acceso á información ata a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das TIC como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.

Non comezamos de cero, temos xa experiencia neste campo, pero a propia velocidade dos cambios neste terreo, a incorporación de banda ampla no centro e a posibilidade de poder contar con máis recursos, fan que debamos reflexionar e intentar mellorar.

As Tecnoloxías da Información e a Comunicación e o desenvolvemento da competencia dixital, están directamente relacionadas coa utilización do acceso á rede. Na medida en que isto non foi posible ata este mesmo curso 2010-2011 con

garantías de velocidade na transmisión de datos, as actividades que se estaban a facer estaban moi condicionadas. Se a isto, sumamos un acceso á rede por parte

das familias aínda moi escaso, as posibilidades de mellora son moitas e a responsabilidade tamén.

De todos xeitos, a experiencia neste campo no centro é ampla. En educación infantil e primaria dende o ano 2001-2002, estase levando a cabo un proxecto de introdución nas

TIC, a razón dunha hora semanal. Ademais, estes contidos están integrados nas programacións das tres etapas do centro, cada vez con máis presenza.

Obxectivos a longo prazo

- Fomentar a páxina web do centro como espazo de comunicación e de colaboración con toda a comunidade educativa.
- Coordinar a acción do profesorado de distintas áreas e materias en relación ao traballo coas TIC.
- Facilitar o acceso a esta ferramenta por parte do alumnado con necesidades especiais de apoio educativo e nas tarefas de apoio e reforzo de aprendizaxes.
- Impulsar a comunicación con outros centros e localidades, para coñecer e transmitir valores sociais e de respecto doutros costumes e outras formas de vida.
- Potenciar a capacidade de razoamento do alumnado, a súa motivación e o seu afán de coñecemento.
- Fornecer ao alumnado estratexias para obter e xestionar a información conseguida mediante o uso das TIC.
- Utilizar programas e contornos que faciliten a consecución dos obxectivos propostos nas diferentes áreas do currículo.
- Utilizar o ordenador como medio de creación, de integración, de cooperación e de expresión das propias ideas.
- Potenciar a comunicación cos seus iguais.
- Mellorar a proposta pedagóxica do profesorado e a súa práctica docente ao aproveitar as posibilidades que ofrecen as TIC.
- Empregar as TIC para o traballo cotián e nas actividades de aula: programacións, proxectos, explicacións, actividades...
- Consultar e obter información a través das TIC, tanto para temas profesionais como para experiencias interesantes para a súa actividade docente.

Obxectivos a curto prazo

- Poñer en funcionamento a páxina web do centro.
- Facer operativa a páxina web como instrumento de información, comunicación e participación de profesorado, alumnado e familias.
- Elaborar unha programación curricular transversal sobre este tema para as tres

etapas do centro establecendo uns mínimos para cada unha delas.

- Participar en programas europeos que permitan o uso destas tecnoloxías.
- Integrar as TIC en todas as programacións docentes e facilitar a posibilidade do seu desenvolvemento.
- Valorar nas programacións docentes a busca, elaboración e exposición de información a través das TIC.
- Integrar nas aulas ordinarias a tecnoloxía suficiente para o desenvolvemento da competencia dixital.
- Axilizar a comunicación docente e profesional a través das TIC.
- Sacarlle o máximo partido aos recursos existentes no centro.
- Integrar as TIC dunha maneira eficaz no funcionamento da biblioteca.
- Integración no novo espazo web do arquivo audiovisual do centro.

O/A coordinadora TIC terá as seguintes funcións, establecidas na Orde do 17 de xullo de 2007 que regula a percepción do compoñente singular do complemento específico por función titorial e outras funcións docentes (D.O.G. nº 143 do 24/07/2007):

1. Dinamizar e impulsar o uso das TIC do centro.
2. Mantemento cotián dos equipamentos informáticos do centro, constituíndo o primeiro nivel de soporte destes, contando co apoio, nesta tarefa, do asesor ou asesora TIC da zona, sempre que as circunstancias así o requiran. (Xestión das deficiencias dos equipos cara a empresa encargada das reparacións).
3. Dar soporte, no uso didáctico, do equipamento informático do centro, ao resto do claustro, contando co apoio, nesta tarefa, do asesor ou asesora TIC da zona, sempre que as circunstancias así o requiran.
4. Elaborará, por requirimento do equipo directivo e das liñas directrices da Comisión de Coordinación Pedagóxica, o proxecto TIC e a organización e xestión dos medios e recursos tecnolóxicos do centro.
5. Asesorar, de ser o caso, no mantemento do sitio web do centro.
6. Aquelas outras funcións que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria estableza na súa normativa específica.

Para o cumprimento destas funcións contará con horario suficiente.

RECURSOS DO CENTRO

2 Aulas de informática con ordenadores para profesorado e alumnado, proxector e pizarra dixital

Proxector- ordenador, conexión a internet, e pizarra dixital ou pantalla en todas as clases
Abalar en 5º e 6º de primaria, con solicitude de incorporación a E-dixgal

Edixgal en 1º e 2º de ESO, con ampliación a 3º e 4º

Tablets para uso do alumnado, en principio para 3º e 4º de ESO, que no momento da incorporación a E-Dixgal pasarán a primaria para uso dos cursos que non teñen acceso a ordenadores na aula.

Ordenadores na sala do profesorado e titoría de primaria para uso do profesorado

Ordenadores e impresoras en todos os departamentos de ESO

Conexión de todos os ordenadores de aulas e departamentos ás dúas fotocopiadoras de conserxería

Biblioteca- Dous ordenadores para a xestión da biblioteca e tres para uso do alumnado Borrador

Outro tipo de material fotográfico, de vídeo e son, na Titoría de Infantil e primaria, para o que hai que pedir a chave en conserxería.

Hai tres espazos de utilización das TIC por parte do alumnado que non ten acceso ao ordenador individual na aula: Aula de Informática, Aula de Audiovisuais e Biblioteca. Nas dúas primeiras, co profesor/a correspondente que deberá reservar a aula con anterioridade.

Na biblioteca o alumnado poderá acceder a ordenadores con conexión á rede sempre que se respecten as normas establecidas en canto aos contidos de acceso e en presenza de profesorado ou nais colaboradoras de comedor.

O profesorado pode utilizar os departamentos, a sala do profesorado e a titoría de infantil e primaria.

Darase prioridade por parte do centro ás peticións de materiais e tecnoloxía no tratamento da diversidade, que coordinará o Departamento de Orientación

O/A coordinador/a do centro fará unha memoria trimestral coas necesidade melloras no cumprimento dos obxectivos, que será valorado nos órganos colexiados correspondentes.